

**Resolución núm. 332/2013**

Ref: corrección de erros nas bases de selección para extinción de incendios

O día 19 de xullo de 2013 ditáronse as Resolucíons da Alcaldía de aprobación das bases de selección de peóns e peóns condutores de extinción de incendios (núm. 326/2013) e de aprobación das bases de selección de xefes de brigada de extinción de incendios (núm. 327/2013).

Esta Alcaldía observou un desaxuste no cómputo das puntuacións dos diferentes apartados indicados no punto 5. Sistema de selección, ao superar lixeiramente a parte de concurso o máximo do 40 % legalmente establecido e así recollido nas bases.

Para o proceso de selección de peóns e peóns condutores a puntuación máxima total de concurso ascende ao 40,30 % e, no caso de xefes de brigada, a puntuación máxima total de concurso ascende ao 40,07 % polo que é preciso facer un axuste nas puntuacións do apartado de concurso do xeito mais equitativo posible, o que estimase será a partes iguais a distribuír nos apartados de experiencia e de formación.

Esta Alcaldía, como órgano competente con carácter residual en todo aquilo non atribuído expresamente a outro órgano pola normativa vixente, sendo o que ditou as ditas resolucíons,

## **RESOLVO:**

**Primeiro.-** A R.A. 326/2013 de 19/07/2013 modificouse:

Onde di:

“**5.2 Concurso** (Puntuación máxima: 27 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2 Concurso** (Puntuación máxima: 26 puntos)”

Onde di:

“**5.2.1.- Experiencia:** (puntuación máxima 20 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2.1.- Experiencia:** (puntuación máxima 19,50 puntos)”

Onde di:

“**5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver** (puntuación máxima 5 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver** (puntuación máxima 4,50 puntos)”

**Segundo.-** A R.A. 327/2013 de 19/07/2013 modificouse:

Onde di:

“**5.2 Concurso** (Puntuación máxima: 27 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2 Concurso** (Puntuación máxima: 25,75 puntos)”

Onde di:

“**5.2.1.- Experiencia:** (puntuación máxima 20 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2.1.- Experiencia:** (puntuación máxima 19,50 puntos)”

Onde di:

“**5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver** (puntuación máxima 5 puntos)”

Debe dicir:

“**5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver** (puntuación máxima 4,50 puntos)”

**Terceiro.-**

Publicar esta resolución na páxina web deste concello, a efectos de dar coñecemento do seu contido.

Rianxo, 22 de xullo de 2013

O alcalde

A Secretaria, que dou fe

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo